CONCELLO DE
PONTEVEDRA

SXP

Número de expediente:2018/PLENO/000003

Expediente	**Sesión extraordinaria do Pleno do Concello de 20.01.2017**	**REF. 3/2017**
Trámite	**Decreto de convocatoria**	

Esta Alcaldía-Presidencia, en exercicio das atribucións que lle confiren os artigos 124.4.d) da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, 43.1 do Regulamento orgánico do Pleno e as súas comisións (ROP) e 13-2-d) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal do Concello de Pontevedra, DECRETA:

Primeiro.-Convocar aos membros do Pleno do Concello á sesión extraordinaria que terá lugar o día **20.01.2018**, no Teatro Principal, ás **13:00 horas** en primeira convocatoria, ou 2 días hábiles despois, á mesma hora, en segunda convocatoria, de non obterse quórum suficiente na primeira, quórum que será dun terzo dos seus membros.

Segundo.- Fixar a seguinte orde do día:

ASUNTO ÚNICO.- Honras e distincións. Entrega dos premios Cidade de Pontevedra 2017 nas súas dúas modalidades: a) persoa física e b) persoa xurídica, asociación ou colectivo.

Terceiro.- Dar traslado do presente decreto:

- Aos Srs. Concelleiros membros e á Intervención municipal, de conformidade co art. 65 do ROP.

- Ao Gabinete de Comunicación para que se efectúen os correspondentes anuncios á prensa, debendo de achegar xustificantes de así telo efectuado.

- Ao servizo de Secretaría e Asuntos Xerais para a súa publicación no taboleiro de editos do Concello desde o momento mesmo da convocatoria, debendo de remitilo de volta, debidamente dilixenciado de exposición, logo da celebración da sesión.

O Presidente O Secretario Xeral do Pleno

Firmado por: JOSÉ LUIS MATO RODRÍGUEZ 1
Servizo: SECRETARÍA XERAL PLENO
Cargo: SECRETARIO
Fecha: 17/01/2018

Asinado por: MIGUEL ANXO FERNANDEZ LORES
Servizo: ALCALDIA
Cargo: ALCALDE
Data: 17/01/2018
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica
COD RESOL.2018000109

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:6XAX7ZCWQ36T4CP3